



**CORPORACIÓN
DE SERVICIOS
AUDIOVISUAIS
DE GALICIA**

**Proceso selectivo para o ingreso como persoal
laboral fixo do persoal da Corporación de Servizos
Audiovisuais de Galicia pola quenda de promoción
interna.**

Categoría: Técnico/a de Administración

Primeiro exercicio

Opción: Galego

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

1.- Segundo o artigo 1 da Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, cal dos seguintes é obxecto da lei?

- a) Considerar especificamente as singularidades das mulleres rurais e do mar e regular para o efecto o seu estatuto e o Observatorio da Muller Rural e do Mar.
- b) Garantir a efectividade do dereito á igualdade de trato entre mulleres e homes para o persoal empregado público ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia excepto o sector público autonómico.
- c) Regular os órganos competentes en materia de política social no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do sector público autonómico.
- d) Establecer garantías institucionais adicionais para a defensa e promoción dos dereitos de igualdade de xénero, atribuíndo competencias non específicas á Oficina de defensa da muller.

2.- Segundo o artigo 4 da Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, como se define a discriminación directa por razón de sexo?

- a) A situación na que se atopa unha persoa que sexa, fose o puiden ser tratada de maneira máis favorable que outra en situación diferente.
- b) A situación na que se atopa unha persoa que sexa, fose ou puiden ser tratada de maneira menos favorable que outra en situación comparable.
- c) A situación na que se atopa unha persoa que sexa, fose ou puiden ser tratada de maneira comparable a outra.
- d) A situación na que se atopa unha persoa que sexa, fose o puiden ser tratada de maneira menos favorable que outra en situación diferente.

3.- Segundo o artigo 13 da Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, cal é a finalidade das accións positivas?

- a) Facer efectivo o dereito constitucional á saúde dos traballadores e corrixir situacións patentes de desigualdade de feito respecto dos homes.
- b) Facer efectivo o dereito constitucional da igualdade pero non o de corrixir situacións patentes de desigualdade de feito respecto dos homes.
- c) Facer efectivo o dereito constitucional da igualdade e corrixir situacións patentes de desigualdade de feito respecto dos homes.
- d) Facer efectivo o dereito constitucional da igualdade e corrixir situacións patentes de igualdade de feito respecto dos homes.

4- Segundo o artigo 31 da Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, que se considera linguaxe sexista?

- a) A utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras que invisibilizan o masculino ou que o sitúan nun plano secundario respecto do feminino.
- b) A utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras que invisibilizan o feminino ou que o sitúan nun plano principal respecto do masculino.
- c) A utilización de expresións lingüisticamente incorrectas substitutivas doutras que invisibilizan o masculino ou que o sitúan nun plano secundario respecto do feminino.
- d) A utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras que invisibilizan o feminino ou que o sitúan nun plano secundario respecto do masculino.

5.- Segundo o artigo 167 da Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, cal dos seguintes é un aspecto que debe de constar na declaración de principios de tolerancia cero do acoso sexual e do acoso por razón de sexo?

- a) A definición do acoso sexual a través de sentenzas.
- b) O recordatorio a todo o persoal temporal do deber de respectar a dignidade da persoa.
- c) A explicación do procedemento formal de solución.
- d) A identificación, en cada unidade administrativa ou centro de traballo, do asesor ou asesora confidencial.

6.- Segundo o artigo 3 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, a que actividades NON lles resulta de aplicación esta Lei?

- a) Policía, seguridade, salvo resguardo aduaneiro.
- b) Servizos operativos de protección civil e peritaxe forense nos casos de grave risco, catástrofe e calamidade pública.
- c) Forzas Armadas, salvo as actividades militares da Garda Civil.
- d) Ao ámbito das relacións laborais reguladas no Estatuto dos Traballadores.

7.- Segundo o artigo 4 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, que é un equipo de protección individual?

- a) Calquera equipo destinado a ser levado ou suxeitado por outro traballador diferente para que o protexa dun ou de varios riscos que poidan ameazar a seguridade dos seus compañeiros ou a súa saúde no traballo, así como calquera complemento ou accesorio destinado a tal fin.
- b) Calquera equipo destinado a ser levado ou suxeitado polo traballador para que o protexa de todos os riscos que poidan ameazar a seguridade dos seus compañeiros ou a súa saúde no traballo.
- c) Calquera equipo destinado a ser levado ou suxeitado polo traballador para que o protexa de un ou de varios riscos que poidan ameazar a súa seguridade ou a súa saúde no traballo, pero non calquera complemento ou accesorio destinado a tal fin.
- d) Calquera equipo destinado a ser levado ou suxeitado polo traballador para que o protexa dun ou de varios riscos que poidan ameazar a súa seguridade ou a súa saúde no traballo, así como calquera complemento ou accesorio destinado a tal fin.

8.- Segundo o artigo 14 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, o custo das medidas relativas á seguridade e saúde no traballo, pode recaer sobre as persoas traballadoras?

- a) Si, cando así o estableza o Convenio Colectivo.
- b) Si, cando así o estableza o contrato de traballo.
- c) Non deberá recaer en modo algún nas persoas traballadoras.
- d) Si, sempre.

9.- Segundo o artigo 19 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, o empresario deberá garantir que cada traballador reciba unha formación que cumpra unha serie de características, cal das seguintes é a correcta?

- a) Teórica unicamente, en materia preventiva, tanto no momento da súa contratación, calquera que sexa a modalidade ou duración desta, como cando se produzan cambios nas funcións que desempeñe ou se introduzan novas tecnoloxías ou cambios nos equipos de traballo.
- b) Teórica, en materia preventiva, só no momento da súa contratación, calquera que sexa a modalidade ou duración desta.
- c) Teórica e práctica, suficiente e axeitada, en materia preventiva, tanto no momento da súa contratación, como cando se produzan cambios nas funcións que desempeñe ou se introduzan novas tecnoloxías ou cambios nos equipos de traballo, salvo nos contratos de duración temporal.
- d) Teórica e práctica, suficiente e axeitada, en materia preventiva, tanto no momento da súa contratación, calquera que sexa a modalidade ou duración desta, como cando se produzan cambios nas funcións que desempeñe ou se introduzan novas tecnoloxías ou cambios nos equipos de traballo.

10.- Segundo o artigo 22 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, quen garantirá ás persoas traballadoras a vixilancia periódica do seu estado de saúde?

- a) O Comité de Empresa e/ou os delegados de prevención.
- b) O empresario, respectando sempre o dereito á intimidade e á dignidade da persoa traballadora e a confidencialidade de toda a información relacionada co seu estado de saúde.
- c) A Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
- d) O Comité de Seguridade e Saúde.

11.- Segundo o artigo 35 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, os Delegados de Prevención serán designados por e entre os representantes do persoal, no ámbito dos órganos de representación previstos nas normas a que se refire o artigo 34, de acordo cunha escala, cal das seguintes é correcta?

- a) De 50 a 100 traballadores: 2 Delegados de Prevención.
- b) De 1.001 a 2.000 traballadores: 6 Delegados de Prevención.
- c) De 2.001 a 3.000 traballadores: 7 Delegados de Prevención.
- d) De 3.001 a 4.000 traballadores: 8 Delegados de Prevención.

12.- Segundo o artigo 35 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, a efectos de determinar o número de Delegados de Prevención, cal dos seguintes é un criterio a ter en conta?

- a) Os traballadores vinculados por contratos de duración determinada superior a catro meses computaranse como traballadores fixos de cadro.
- b) Os traballadores vinculados por contratos de duración determinada superior a seis meses computaranse como traballadores fixos de cadro.
- c) Os traballadores contratados por termo de ata dous anos computaranse segundo o número de días traballados no período dun ano anterior á designación. Cada cento vinte días traballados ou fracción computaranse como un traballador máis.
- d) Os traballadores contratados por termo de ata un ano computaranse segundo o número de días traballados no período dun ano anterior á designación. Cada douscentos días traballados ou fracción computaranse como un traballador máis.

13.- Segundo o artigo 23 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, son órganos de goberno e administración da CSAG:

- a) O Consello de Administración e a Dirección Xeral.
- b) O Consello de Administración e a Dirección de Administración.
- c) A Dirección Xeral e a Dirección de Administración.
- d) O Consello de Administración e o Consello Asesor de Participación Social e Profesional.

14.- Segundo o artigo 27 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, o mandato dos membros do Consello de Administración é de:

- a) 5 anos contados desde o seu nomeamento.
- b) 5 anos contados desde a súa proposta.
- c) 6 anos contados desde a súa proposta.
- d) 6 anos contados desde o seu nomeamento.

15.- Segundo o artigo 29 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, os membros do Consello de Administración:

- a) Actúan no exercicio do seu cargo de acordo ás instrucións, directrices e calquera outra clase de indicación do Consello da Xunta de Galicia, dos sindicatos e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Actúan no exercicio do seu cargo con plena independencia e parcialidade, sen poderen recibir instrucións, directrices ou calquera outra clase de indicación do Consello da Xunta de Galicia, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, dos partidos políticos, dos sindicatos ou doutras institucións ou entidades.
- c) Actúan no exercicio do seu cargo con plena independencia e neutralidade, sen poderen recibir instrucións, directrices ou calquera outra clase de indicación do Consello da Xunta de Galicia, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, dos partidos políticos, dos sindicatos ou doutras institucións ou entidades.
- d) Actúan no exercicio do seu cargo de acordo ás instrucións, directrices e calquera outra clase de indicación do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo.

16.- Segundo o artigo 31 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, a presidencia do Consello de Administración é exercida por un dos seus membros, excluída a persoa titular da Dirección Xeral, de acordo coa orde rotatoria que estableza o propio Consello, por períodos de:

- a) 6 meses.
- b) 12 meses.
- c) 18 meses.
- d) 24 meses.

17.- Segundo o artigo 41 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, o Consello Asesor de Participación Social e Profesional está composto por:

- a) 7 membros.
- b) 11 membros.
- c) 13 membros.
- d) 15 membros.

18.- Segundo o artigo 48 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, o mandato estratéxico de obxectivos da función de servizo público é aprobado en primeira votación:

- a) Polo Parlamento de Galicia mediante unha maioría de dous terzos.
- b) Polo Parlamento de Galicia mediante maioría simple.
- c) Polo Consello de Administración co voto unánime dos seus membros.
- d) Polo Consello de Administración mediante unha maioría de dous terzos.

19.- Segundo o artigo 57 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, o Parlamento de Galicia exerce o control da xestión e do cumprimento por parte da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia da misión de servizo público definida nesta lei, a través da:

- a) Comisión Permanente non Lexislativa de Fiscalización da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.
- b) Comisión Permanente Lexislativa de Control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.
- c) Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.
- d) Comisión Permanente Lexislativa de Fiscalización da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

20.- Segundo o artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a representación poderá acreditarse mediante:

- a) A presentación do modelo non normalizado de representacións de cada administración pública.
- b) Calquera medio válido en Dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia.
- c) Calquera medio que acepte discrecionalmente o órgano competente para tramitar o procedemento.
- d) A presentación do modelo non estandarizado de representacións de cada administración pública.

21.- Segundo o artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, debe acreditarse a representación dun interesado para:

- a) Practicar alegacións de mero trámite que non deciden o fondo dun asunto.
- b) Realizar actos de puro trámite.
- c) Renunciar a dereitos.
- d) Formular peticións de información.

22.- Segundo o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, están obrigados, entre outros, a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo:

- a) As persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica e os estudantes universitarios.
- b) As persoas físicas, as entidades sen personalidade xurídica e quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.
- c) As persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica e os estudantes universitarios e de educación secundaria.
- d) As persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica e quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.

23.- Segundo o artigo 19 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a comparecencia das persoas será obrigatoria:

- a) Cando así estea previsto nunha norma con rango legal ou regulamentáreo.
- b) Cando así estea previsto na normativa sectorial aplicable.
- c) Cando así estea previsto nunha norma con rango de lei.
- d) Cando así estea previsto nunha norma con rango regulamentáreo.

24.- Segundo o artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos:

- a) Calquera que sexa a súa forma de iniciación.
- b) Só nos iniciados de oficio.
- c) Só nos iniciados a instancia de parte.
- d) Que considere o órgano competente.

25.- Segundo o artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos das Administracións Públicas son nulos de pleno dereito no seguinte caso:

- a) Cando fosen ditados por órgano manifestamente competente por razón da materia ou do territorio.
- b) Cando se estableza expresamente nunha disposición con rango de lei ou regulamentáreo.
- c) Cando lesionen dereitos civís.
- d) Cando teñan un contido imposible.

26.- Segundo o artigo 56 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, é competente para a adopción de medidas provisionais unha vez iniciado o procedemento:

- a) O órgano competente para iniciar, instruír ou resolver o procedemento, indistintamente.
- b) O órgano administrativo competente para resolver.
- c) O órgano competente para iniciar ou instruír o procedemento.
- d) Calquera órgano da administración.

27.- Segundo o artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable:

- a) Poderá determinar a posibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada.
- b) Non será imputable á persoa interesada se a administración non procedeu previamente á súa impugnación.
- c) Será imputable á persoa interesada só se a administración procedeu previamente á súa impugnación.
- d) Determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada.

28.- Segundo o artigo 8 do Real Decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores:

- a) Calquera das partes poderá esixir que o contrato se formalice por escrito, mesmo durante o transcurso da relación laboral.
- b) Só o traballador poderá esixir que o contrato se formalice por escrito, pero só unha vez finalizada a relación laboral.
- c) Só o empresario pode esixir que o contrato se formalice por escrito.
- d) Nin o traballador nin o empresario poden esixir que o contrato se formalice por escrito posto que o contrato de palabra é plenamente válido.

29.- Segundo o artigo 38 do Real Decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a duración das vacacións anuais nunca pode ser inferior a:

- a) 15 días naturais.
- b) 23 días naturais.
- c) 22 días naturais.
- d) 30 días naturais.

30.- Segundo o artigo 38 do Real Decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a persoa traballadora coñecerá as datas de vacacións que lle corresponden:

- a) Dous meses antes, polo menos, do comezo do desfrute.
- b) Un mes antes, polo menos, do comezo do desfrute.
- c) Tres meses antes, polo menos, do comezo do desfrute.
- d) Dez días antes, polo menos, do comezo do desfrute.

31.- Segundo o artigo 59 do Real Decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, o prazo no que caduca a acción para reclamar contra un despedimento é de:

- a) 30 días hábiles.
- b) 20 días naturais.
- c) 30 días naturais.
- d) 20 días hábiles.

32.- Segundo o artigo 70 do Real Decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, na elección para delegados de persoal, cada elector poderá dar o seu voto a un número máximo de aspirantes equivalente ao de postos a cubrir entre os candidatos proclamados. Resultarán elixidos os que obteñan o maior número de votos. En caso de empate:

- a) Deberá realizarse outra votación no prazo de 48 horas para resolver o empate.
- b) Resultará elixido o traballador de maior antigüidade na empresa.
- c) Resultará elixido o traballador de menor antigüidade na empresa.
- d) Resultará elixido o traballador de máis idade da empresa.

33.- Segundo o artigo 73 do Real Decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a mesa electoral titular, estará formada por:

- a) Só o presidente, que será o traballador de menos antigüidade na empresa e 4 vogais.
- b) Só 2 vogais, que serán os electores de maior e menor idade da empresa.
- c) O presidente, que será o traballador de maior antigüidade na empresa e 2 vogais, que serán os electores de maior e de menor idade, actuando este último como secretario.
- d) 5 vogais, sen que sexa necesaria a existencia de presidencia e secretaría.

34.- Segundo o artigo 79 do Real Decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a convocatoria dunha asemblea de persoas traballadoras comunicarse ao empresario, como mínimo, con:

- a) Non é necesario comunicala con antelación.
- b) 72 horas de antelación.
- c) 48 horas de antelación.
- d) 24 horas de antelación.

35.- Segundo o artigo 26 do Real Decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores:

- a) Todas as cargas fiscais e de Seguridade Social a cargo do traballador serán satisfeitas polo mesmo, sendo nulo todo pacto en contrario.
- b) Todas as cargas fiscais e de seguridade Social a cargo do traballador serán satisfeitas polo empresario.
- c) Todas as cargas fiscais e de Seguridade Social a cargo do traballador serán satisfeitas polo mesmo, salvo que exista pacto en contrario.
- d) Todas as cargas fiscais e de Seguridade Social a cargo do traballador serán satisfeitas polo traballador e polo empresario, a partes iguais.

36.- Segundo o artigo 25 do Convenio Colectivo da CRTVG, o período de proba será de:

- a) Dous meses.
- b) Un mes.
- c) Tres meses.
- d) 15 días.

37.- Segundo o artigo 35 do Convenio Colectivo da CRTVG, considérase período nocturno, a efectos retributivos, o comprendido entre:

- a) As 21:00 h e as 6:00 h do día seguinte.
- b) As 22:00 h e as 8:00 h do día seguinte.
- c) As 22:00 h e as 7:00 h do día seguinte.
- d) As 22:30 h e as 7:30 h do día seguinte.

38.- Segundo o artigo 43 do Convenio Colectivo da CRTVG, no caso da excedencia voluntaria por interese particular, unha vez concedida unha, cal e o período mínimo de servizo activo da persoa traballadora para que lle poida ser concedida outra excedencia voluntaria?:

- a) Dous anos de servizo activo.
- b) Cinco anos de servizo activo.
- c) Tres anos de servizo activo.
- d) Catro anos de servizo activo.

39.- Segundo o artigo 44 do Convenio Colectivo da CRTVG, que regula a mobilidade funcional, a duración da mobilidade ascendente será de:

- a) 8 meses no período dun ano ou de 10 meses no período de dous anos.
- b) 6 meses no período dun ano ou de 8 meses no período de dous anos.
- c) 4 meses no período dun ano ou de 8 meses no período de dous anos.
- d) 3 meses no período dun ano ou de 6 meses no período de dous anos.

40.- Segundo o artigo 86 do Convenio Colectivo da CRTVG, a Comisión paritaria de programación e seguimento da formación da CRTVG reunirse polo menos:

- a) Unha vez ao ano.
- b) Dúas veces ao ano.
- c) Unha vez cada trimestre.
- d) Unha vez cada semestre.

41.- Segundo o artigo 90 do Convenio Colectivo da CRTVG, no caso de expediente disciplinario, o prazo máximo, dende o inicio do expediente, no que o/a instructor/a proporalle á autoridade competente o arquivo das actuacións ou procederá á elaboración dun prego de cargos, é de:

- a) Tres meses.
- b) Dous meses.
- c) Catro meses.
- d) Seis meses.

42.- Segundo o artigo 98 do Convenio Colectivo da CRTVG, o Comité de Seguridade e Saúde reunirse:

- a) Bimestralmente e tamén sempre que o solicite calquera das partes.
- b) Trimestralmente e tamén sempre que o solicite calquera das partes.
- c) Cada seis meses e tamén sempre que o solicite calquera das partes.
- d) Cada mes e tamén sempre que o solicite calquera das partes.

43.- Segundo o artigo 114 do Convenio Colectivo da CRTVG, o número de membros do Comité Intercentros é de:

- a) 7
- b) 9
- c) 11
- d) 13

44.- Segundo o artigo 3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, cal das seguintes entidades non forma parte do denominado sector público?:

- a) Administración Xeral do Estado.
- b) Servizos Comúns da Seguridade Social.
- c) Universidades Públicas.
- d) Corporacións de dereito privado.

45.- Segundo o artigo 11 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, cal dos seguintes contratos está excluído da aplicación da citada Lei de contratos?:

- a) Contratos relativos a servizos de arbitraje e conciliación.
- b) Contratos de obras de menos de 15.000 €.
- c) Contratos de subministro de contía inferior a 30.000€.
- d) Contratos de obras de contía inferior a 50.000€.

46.- Segundo o artigo 26 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, cal dos seguintes ten a consideración de contrato privado?:

- a) Contratos celebrados por entidades do sector público que non teñan a consideración de poder adxudicador.
- b) Contratos celebrados polas Universidades Públicas.
- c) Contratos celebrados polas Administracións locais.
- d) Contratos celebrados polas Axencias Públicas.

47.- Segundo o artigo 29 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pode producirse a prorroga por consentimento tácito das partes?:

- a) Sempre.
- b) En ningún caso.
- c) Só nos contratos privados.
- d) Só nos contratos non suxeitos a regulación harmonizada.

48.-Segundo artigo 63.6 da lei 9/2017, de 8 do novembro, de Contratos do Sector Público, deberan publicarse no perfil do contratante a formalización dos encargos a medios propios nos que o seu importe fora superior a:

- a) 15.000 €, IVE excluído.
- b) 20.000 €, IVE excluído.
- c) 50.000 €, IVE excluído.
- d) 30.000 €, IVE excluído.

49.-Segundo o artigo 101 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o valor estimado dos contratos, no caso de contratos de servizos, tomarase:

- a) O importe total, sen incluír o IVE.
- b) O importe total, incluído o IVE.
- c) Só se ten en conta o IVE nos contratos suxeitos a regulación harmonizada.
- d) O importe de cada anualidade e no caso de que non teña varias anualidades non se determina valor estimado, senón parcial.

50.- Segundo o artigo 27 Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, das cuestións que se susciten en relación coa preparación e adxudicación dos contratos privados das Administracións Públicas, será competente:

- a) A xurisdición civil.
- b) A xurisdición laboral.
- c) A xurisdición contencioso administrativa.
- d) A xurisdición voluntaria.

51.- Segundo o Plan Xeral de Contabilidade español, para as empresas que poidan formular balance e memoria abreviados, NON será obrigatorio incluír nas contas anuais:

- a) A conta de perdas e ganancias abreviada.
- b) O balance abreviado.
- c) A memoria abreviada.
- d) O estado de cambios no patrimonio neto e o estado de fluxos de efectivo.

52.-Segundo o Plan Xeral de Contabilidade español, a vida útil do fondo de comercio, salvo proba en contrario, é de:

- a) 10 anos.
- b) 1 ano.
- c) 5 anos.
- d) 20 anos.

53.- Segundo o Plan Xeral de Contabilidade español, o Grupo de Contas 6, corresponde a:

- a) Compras e gastos.
- b) Contas financeiras.
- c) Existencias.
- d) Gastos imputados ao patrimonio neto.

54.- Segundo o Plan Xeral de Contabilidade español, o Grupo de Contas 8, corresponde a:

- a) Compras e gastos.
- b) Contas financeiras.
- c) Existencias.
- d) Gastos imputados ao patrimonio neto.

55.- Segundo o Plan Xeral de Contabilidade español, no caso que un administrador da empresa non asine as contas anuais:

- a) Non fai falla realizar ningunha mención nas contas anuais posto que o administrador non ten que xustificar nada.
- b) Farase expresa indicación da causa, en cada un dos documentos na que falte.
- c) O administrador debe asinar as contas anuais obrigatoriamente.
- d) Se hai maioría, o administrador non ten que xustificar a ausencia da súa sinatura.

56.- Segundo o Plan Xeral de Contabilidade español, o importe correspondente ás vendas, prestacións de servizos e outros ingresos de explotación reflectirase na conta de perdas e ganancias:

- a) Polo seu importe bruto de devolucións e descontos.
- b) Polo seu importe neto de devolucións e descontos.
- c) Polo seu importe neto ou bruto de devolucións e descontos.
- d) O plan xeral contable non regula como debe reflectirse.

57.- Segundo o Plan Xeral de Contabilidade español, unha fianza recibida a longo prazo é o efectivo recibido como garantía de cumprimento dunha obriga a prazo superior a:

- a) 30 días.
- b) 3 meses.
- c) 6 meses.
- d) Un ano.

58.- Segundo o Plan Xeral de Contabilidade español, os anticipos de remuneracións figurarán:

- a) No activo corrente do balance.
- b) No activo non corrente do balance.
- c) No pasivo corrente do balance.
- d) No pasivo non corrente do balance.

59.- Segundo o Plan Xeral de Contabilidade español, cando a vida útil do inmovilizado intanxible non poida estimarse de maneira fiable e sen prexuízo dos prazos establecidos nas normas particulares sobre o inmovilizado intanxible, amortizarase no prazo de:

- a) Un ano.
- b) 5 anos.
- c) 10 anos.
- d) 20 anos.

60.- En excel e cos datos da seguinte táboa, sinale a opción correcta do resultado na cela C3 se copiamos e pegamos a fórmula utilizada na cela C2.

=A\$2*B2

	A	B	C
1	Número	Prezo/unidade	Total
2	2	10	20
3	4	2	

- a) 8
- b) 10
- c) 20
- d) 4

61.- En excel e cos datos da seguinte táboa, sinale a opción correcta utilizando a seguinte fórmula:

=CONTARA(A2:A4)

	A
1	1
2	FIESTRA
3	6
4	CADEIRA

- a) 3
- b) 4
- c) 7
- d) 3,5

62.- En excel e cos datos da seguinte táboa, sinala a opción correcta utilizando a seguinte fórmula:

=PROMEDIO(A1:A4)

	A
1	2
2	4
3	6
4	volvoreta

- a) #¡VALOR!
- b) 4
- c) #¡NOMBRE?
- d) 0

63.- En excel, sinala a opción correcta utilizando a seguinte fórmula =2/0 :

- a) 0
- b) #VALOR!
- c) #¡DIV/0!
- d) 2

64.- En LibreOffice Calc, que é un libro de cálculo?

- a) Unha cela.
- b) Non existe este concepto en LibreOffice Calc.
- c) Un conxunto de follas de cálculo.
- d) Unha páxina dentro das follas de cálculo.

65.- En word, que atallo de teclado serve para pegar un texto previamente copiado?:

- a) Ctrl + Z
- b) Ctrl + A
- c) Ctrl + V
- d) Ctrl + W

66.- En word, que permite "Combinar correspondencia"?

- a) Crear un único documento.
- b) Crear presentaciones.
- c) Non existe esta opción en word.
- d) Xerar varios documentos personalizados a partir dun único modelo.

67.- En word, que fai o atallo de teclado Ctrl + S?

- a) Subliña o texto seleccionado.
- b) Imprime o documento.
- c) Garda o documento.
- d) Pon o texto seleccionado en cursiva.

68.-En Word, cando insires unha referencia cruzada, que permite facer?

- a) Crear enlaces internos ao documento.
- b) Cifrar o documento con usuario e contrasinal.
- c) Cifrar o documento con contrasinal.
- d) Inserir imaxes externas.

69.- En Word, a utilidade "¶" denominada "mostrar todo" serve principalmente para:

- a) Activar automaticamente o control de cambios.
- b) Mostrar os erros ortográficos no documento.
- c) Imprimir os comentarios e revisións do documento.
- d) Mostrar caracteres non imprimibles do documento.

70.- En LibreOffice Writer, que ocorre se aplicas formato manual a un texto que ten un estilo?

- a) Dá erro.
- b) Non permite facelo.
- c) O formato manual prevalece sobre o estilo
- d) O estilo prevalece sobre o formato manual.

PREGUNTAS DE RESERVA

(CONTESTAR NA FOLLA DE RESPOSTAS DO NÚMERO 141 AO 143)

R1.- Segundo o artigo 28 da Lei 31/1995 de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, as persoas traballadoras con relacións laborais temporais, de duración determinada e en empresas de traballo temporal, deberán:

- a) Desfrutar do mesmo nivel de protección en materia de seguridade e saúde que os restantes traballadores da empresa na que prestan os seus servizos.
- b) Desfrutar de distinto nivel de protección en materia de seguridade e saúde que os restantes traballadores da empresa na que prestan os seus servizos.
- c) A existencia dunha relación de traballo das sinaladas xustificará en todo caso unha diferenza de trato polo que respecta ás condicións de traballo.
- d) A presente Lei e as súas disposicións de desenvolvemento non se aplicarán ás relacións de traballo de carácter temporal.

R2.- Segundo o artigo 19 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, a CSAG réxese en primeiro termo:

- a) Pola Lei 1/2025, polos seus estatutos sociais e pola lexislación xeral de comunicación audiovisual.
- b) Pola normativa básica en materia de comunicación audiovisual, polos seus estatutos sociais e pola lexislación xeral das administracións públicas.
- c) Pola Lei 1/2025 e pola lexislación xeral das administracións públicas.
- d) Pola Lei 1/2025 e pola normativa básica en materia de comunicación audiovisual.

R3.- Segundo o artigo 108 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, iniciado o procedemento de revisión de oficio ao que se refiren os artigos 106 e 107, o órgano competente para declarar a nulidade ou lesividade:

- a) Poderá suspender a execución do acto, cando así o considere.
- b) Suspende a execución do acto, cando esta puidese causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.
- c) Poderá suspender a execución do acto, cando esta puidese causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.
- d) Suspende a execución do acto, cando así o considere.